



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Asunto:	Informe da intervención xeral municipal ao proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2026
Expediente número:	97-142
Servizo Xestor:	Tesourería (decreto de asignación temporal de funcións en materia de contabilidade e xestión orzamentaria)
Forma de exercicio do control:	Control financeiro permanente non planificable
Data de entrada en intervención do expediente completo:	10/21/25
Data legal para emisión de informe (non menos de 10 días):	11/04/25

INFORME DE CONTROL PERMANENTE PREVIO DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL.

Remitido a esta intervención expediente tramitado para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2026, formado sobre a base do orzamento da propia entidade local e o do organismo autónomo local Xerencia Municipal de Urbanismo, conforme ao disposto no artigo 168.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLFL), esta Intervención, en virtude das atribucións de control conferidas polo artigo 213 do TRLFL, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Carácter do informe

Conforme ao disposto no artigo 4 do Real Decreto 128/2018, o control interno da xestión económico-financieira e orzamentaria exercerase nos termos establecidos na normativa que desenvolve o artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e comprenderá, tanto a función interventora como o control financeiro nas modalidades de función de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O exercicio do control financeiro incluírá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

O resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indícaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control (artigo 35.1 RD 424/2017).





CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

O informe de intervención ao expediente de aprobación do orzamento xeral trátase, polo tanto, do control financeiro previo permanente sendo unha modalidade de control preceptiva e non vinculante.

Lexislación aplicable

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b) 2º).
- Orde EHA/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (en diante ICAL).
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Orzamento que se somete a aprobación

O orzamento xeral da entidade local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que preveñan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Tendo en conta que non existen sociedades mercantís cuxo capital social pertenza na súa integridade á entidade local, no proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2026 que se presenta nesta Intervención para o seu preceptivo informe, intégranse unicamente os orzamentos da propia entidade e do organismo autónomo local Xerencia Municipal de Urbanismo (en diante, XMU).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 2 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

Con todo, e aínda que non se integran no orzamento xeral, tamén se inclúe información sobre os orzamentos e estados financeiros daquelas unidades que foron clasificadas como Administracións Públicas no inventario de entes elaborado pola Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do MHFP, e que, polo tanto, tamén forman parte do sector público local en termos de contabilidade nacional: a Fundación Marco, a Fundación Vigo Convention Bureau e a Fundación Liste.

Resumido por capítulos, o proxecto de orzamento xeral que se somete a aprobación, integrado polo orzamento do Concello de Vigo e o do organismo autónomo local Xerencia Municipal de Urbanismo é o seguinte:

Proxecto de orzamento do Concello de Vigo						
CAPÍTULO	Gastos			Ingresos		
	Importe 2026	Importe 2025	Variación %	Importe 2026	Importe 2025	Variación %
1	81,425,134.17	79,176,245.70	2.84 %	127,979,057.93	123,381,301.49	3.73 %
2	174,131,019.70	162,779,405.69	6.97 %	15,094,806.64	11,620,105.44	29.90 %
3	60,530.00	50,530.00	19.79 %	48,336,339.02	46,054,040.02	4.96 %
4	44,748,463.86	40,981,350.46	9.19 %	125,718,881.45	123,650,270.81	1.67 %
5	600,000.00	600,000.00	0.00 %	5,593,500.00	5,404,000.00	3.51 %
Operacións correntes	300,965,147.73	283,587,531.85	6.13 %	322,722,585.04	310,109,717.76	4.07 %
6	42,401,895.61	43,379,030.02	-2.25 %	0.00	0.00	0.00 %
7	1,500,151.00	1,129,444.00	32.82 %	22,144,609.30	17,986,288.11	23.12 %
Operacións de capital non financeiras	43,902,046.61	44,508,474.02	-1.36 %	22,144,609.30	17,986,288.11	23.12 %
Operacións financeiras non	344,867,194.34	328,096,005.87	5.11 %	344,867,194.34	328,096,005.87	5.11 %
8	500,000.00	500,000.00	0.00 %	500,000.00	500,000.00	0.00 %
9	0.00	0.00	0.00 %	0.00	0.00	0.00 %
Operacións financeiras	500,000.00	500,000.00	0.00 %	500,000.00	500,000.00	0.00 %
Total	345,367,194.34	328,596,005.87	5.10 %	345,367,194.34	328,596,005.87	5.10 %

Xerencia Municipal de Urbanismo						
CAPÍTULO	Gastos			Ingresos		
	Importe 2026	Importe 2025	Variación %	Importe 2026	Importe 2025	Variación %
1	6,682,473.83	6,555,040.91	1.94 %	0.00	0.00	0.00 %
2	2,800,002.01	2,106,259.09	32.94 %	0.00	0.00	0.00 %
3	0.00	0.00	0.00 %	2,507,600.00	2,082,600.00	20.41 %
4	0.00	0.00	0.00 %	6,484,875.84	6,360,700.00	1.95 %
5	0.00	0.00	0.00 %	905,000.00	405,000.00	123.46 %
Operacións correntes	9,482,475.84	8,661,300.00	9.48 %	9,897,475.84	8,848,300.00	11.86 %





CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

6	2,054,814.77	1,265,432.84	38.42%	671,832.77	0.00	100.00 %
7	220,000.00	2,216,236.80	-90.07%	1,187,982.00	974,145.24	21.95 %
Operacións de capital non financeiras	2,274,814.77	3,481,669.64	-34.66%	1,859,814.77	974,145.24	90.92 %
Operacións financeiras non	11,757,290.61	12,142,969.64	-3.18%	11,757,290.61	9,822,445.24	19.70 %
8	32,000.00	32,000.00	0.00%	32,000.00	2,352,524.40	-98.64 %
9	0.00	0.00	0.00%	0.00	0.00	0.00 %
Operacións financeiras	32,000.00	32,000.00	0.00%	32,000.00	2,352,524.40	8.56 %
Total	11,789,290.61	12,174,969.64	-3.17%	11,789,290.61	12,174,969.64	-3.17 %

Orzamento xeral do Concello de Vigo (estados consolidados)						
CAPÍTULO	Gastos			Ingresos		
	Importe 2026	Importe 2025	Variación %	Importe 2026	Importe 2025	Variación %
1	88,107,608.00	85,731,286.61	2.77 %	127,979,057.93	123,381,301.49	3.73 %
2	176,931,021.71	164,885,664.78	7.31 %	15,094,806.64	11,620,105.44	29.90 %
3	60,530.00	50,530.00	19.79 %	50843939.02	48,136,640.02	5.62 %
4	38,475,463.86	34,826,350.46	10.48 %	125,930,757.29	123,855,970.81	1.68 %
5	600,000.00	600,000.00	0.00 %	6,498,500.00	5,809,000.00	0.00 %
Operacións correntes	304,174,623.57	286,093,831.85	6.32 %	326,347,060.88	312,803,017.76	4.33 %
6	44,456,710.38	44,644,462.86	-0.42 %	671,832.77	0.00	0.00 %
7	1,720,151.00	3,345,680.80	-48.59 %	23,332,591.30	18,960,433.35	23.06 %
Operacións de capital non financeiras	46,176,861.38	47,990,143.66	-3.78 %	24,004,424.07	18,960,433.35	26.60 %
Operacións financeiras non	350,351,484.95	334,083,975.51	4.87 %	350,351,484.95	331,763,451.11	5.60 %
8	532,000.00	532,000.00	0.00 %	532,000.00	2,852,524.40	-81.35 %
9	0.00	0.00	0.00 %	0.00	0.00	0.00 %
Operacións financeiras	532,000.00	532,000.00	0.00 %	532,000.00	2,852,524.40	-81.35 %
Total	350,883,484.95	334,615,975.51	4.86 %	350,883,484.95	334,615,975.51	4.86 %

Feitos ou requisitos comprobados

Co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, a conformidade do acordo proxectado coas disposicións aplicables, por esta Intervención comprobáronse os seguintes trámites e requisitos establecidos polo ordenamento xurídico mediante o exame dos documentos e informes que integran o expediente:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 4 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

1. Que o expediente se propón ao pleno da corporación (art. 34.1 Lei 39/2015, art. 168 TRLFL, art. 18 RD 500/1990).
2. Que existe informe favorable do responsable do expediente no que se expoñen os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que se basea o seu criterio (art. 172 e 175 RD 2568/1986).
3. Que consta a memoria explicativa do contido do orzamento da entidade local e das principais modificacións que se presentan en relación co vixente, subscrita polo Presidente da Corporación (art. 168.1.a) TRLFL, art. 18.a) RD 500/1990).
4. Que o orzamento xeral que se propón atende ao principio de anualidade coincidindo o exercicio orzamentario co ano natural (art. 163 TRLFL, art. 3 RD 500/1990).
5. Que o orzamento xeral que se propón atende ao principio de equilibrio ou prohibición do déficit e por tanto, apróbase sen déficit inicial (art. 165.4 TRLFL, art. 16 RD 500/1990).
6. Que consta o estado de gastos do orzamento da entidade local, onde se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigacións, e que as aplicacións orzamentarias se adecúan, con carácter xeral, ás previsións establecidas na Orde EHA/3565/2008 (art. 164, 165.1.a) e 167.3 TRLFL, art. 8.a) RD 500/1990, Orde EHA/3565/2008).

A estes efectos, e con respecto aos créditos do capítulo II “Gastos en bens correntes e servizos”, tanto na memoria como no informe económico elaborado polo responsable de contabilidade e orzamentos indícase que: *“As dotacións deste capítulo reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións de este capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais naqueles casos que o PCAP tiña previsto esta posibilidade ou a previsión de crecemento por modificacións contractuais ou os novos contratos.”*

En calquera caso, no presente informe non procede a comprobación da adecuación orzamentaria dos gastos que se estiman realizar cuxas consignacións se conteñen no orzamento. Será singularmente en cada expediente, á vista da información contida en cada un con ocasión da súa fiscalización, cando a intervención xeral haberá de pronunciarse sobre o acomodo dos actos propostos de contido económico á normativa vixente, sendo un dos aspectos para verificar o de adecuación e suficiencia do crédito orzamentario.

7. Que as aplicacións orzamentarias están definidas, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupo de programa ou programa e concepto ou subconcepto respectivamente (art. 167.4 TRLFL, Orde EHA/3565/2008).
8. Ao preverse subvencións nominativas, que estas constan no estado de gastos do orzamento da entidade local coa correspondente dotación orzamentaria, o obxecto e o/os beneficiario/s (art. 22.2.a) Lei 38/2003, RD 887/2006). Segundo a documentación incorporada no expediente constan un total de 101 subvencións nominativas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 5 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

A estes efectos incorporase ao expediente informe de cada un dos servizos xestores destas subvencións, das razóns ou motivos que xustifican a concesión directa destas subvencións, así como un anexo coa totalidade das citadas subvencións. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Por conseguinte, nestas subvencións a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

Con todo, compre lembrar que o procedemento ordinario de concesión de subvencións é o de concorrencia competitiva, razón pola que o Consello de Contas, no “Anteproxecto de Informe de seguimento de recomendacións. Exercicio 2020-2021” (actuación 1702021-03), recomenda ao Concello de Vigo (páxina 54) que “*A entidade debería dar preferencia ao procedemento ordinario de concesión de subvencións, isto é, a tramitación en réxime de concorrencia competitiva.*”. Polo contrario, lonxe de aceptar tal recomendación o número de subvencións nominativas tense incrementado con respecto ás do exercicio precedente.

Finalmente, en relación ás subvencións nominativas, esta intervención non ten atopado no expediente xustificación algunha relativa á concesión directa dunha subvención por importe de 275.000 euros á “Fundación Provigo, Candidatura Illas Cies Patrimonio Humanidade” con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4800000, tal e como consta no trámite 52 do expediente “cadro de subvencións nominativas”, entendendo que debe de referirse á prevista nos orzamentos para a FVCB. En tal caso poderíamos atoparnos diante dunha transferencia de financiamento e non dunha subvención nominativa xa que a FVCB trátase dunha entidade clasificada como AAPP que integra o perímetro de consolidación do Concello de Vigo en termos de contabilidade nacional SEC-2010.

9. Que consta o estado de ingresos do orzamento da entidade local, onde figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio, e que os conceptos de ingreso se adecúan, con carácter xeral, ás previsións establecidas ao Orde EHA/3565/2008 (art. 164, 165.1 b) TRLFL, art. 8 b) RD 500/1990, Orde EHA/3565/2008).

Compre destacar a inclusión no estado de ingresos do concepto 26100 por importe de 2,1 millóns de euros correspondentes á aplicación a partires do 1 de abril de 2026 (data estimada) do novo recargo sobre a taxa turística.

10. Que as bases de execución conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade e dos seus organismos autónomos, no seu caso, así como aqueloutras necesarias para a súa boa xestión, sen que se modifiquen preceptos legais, nin tampouco preceptos de orde administrativa que requiran de procedemento legal e solemnidades específicas distintas das que se prevén para o orzamento (art. 165.1 TRLFL, art. 9.1 RD 500/1990).

Agora ben, a recente sentenza do 8 de xullo de 2024 (Rec. 532/2022) ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, utilizando como base a doutrina do Tribunal Constitucional sobre o contido e límites das leis de orzamentos (Sentenza do Tribunal Constitucional do 15 de novembro de 2022, Res. 145/2022), anula unha disposición das bases de execución do orzamento dun Concello por excederse do contido propio das mesmas, que se concreta no artigo 9.2 do Real Decreto 500/1990, así como noutros artigos do mesmo, dos que cabe



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 6 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

deducir que as bases son normas encamiñadas a delimitar o perímetro do propio orzamento, debendo limitarse a regular o contido que lle é propio, sen ser o instrumento válido para regular outras materias.

En consecuencia, resultaría recomendable realizar unha revisión das BEP de modo que o seu contido limítese a regular o contido que lle é propio.

11. Que as bases de execución regulan, como mínimo: Os niveis de vinculación xurídica dos créditos; a relación expresa e taxativa dos créditos que se declaran ampliables, co detalle dos recursos afectados; a regulación das transferencias de créditos, co órgano competente para autorizalas; a tramitación dos expedientes de ampliación, xeración de crédito e incorporación de remanentes de créditos; as normas que regulan os procedementos de execución do orzamento; as desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigacións; os documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifican o recoñecemento da obrigación; a forma como os perceptores de subvencións deberán acreditar atoparse ao corrente das súas obrigacións fiscais coa entidade e xustificar a aplicación dos fondos recibidos; os supostos nos que se poden acumular varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo; as normas que regulan a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa, así como a regulación dos compromisos de gastos plurianuais (art. 9.2 RD 500/1990).

12. O artigo 193.bis do TRLFL, incorporado pola Lei 27/2013, establece que os dereitos pendentes de cobro (DPC) liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento. Os correspondentes ao exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento, o cuarto e quinto, nun 75 por cento, e os superiores, nun 100 por cento.

A base 54ª establece os coeficientes para a dotación dos dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil ou imposible recadación, dende o 85% ata o 100%, en función da antigüidade dos mesmos.

Polo tanto, comprobose que as porcentaxes de dotación previstas na base 54ª son superiores ás dotacións mínimas previstas no citado artigo 193 bis do TRLFL, dándose cumprimento deste xeito ao disposto no citado precepto.

13. Que as bases de execución establecen, en referencia aos pagos para xustificar, como mínimo: A forma de expedición e execución, a situación e disposición dos fondos, os pagos con fondos "a xustificar", a forma de contabilización e de control, os límites cuantitativos, os conceptos orzamentarios aos que sexan aplicables, o réxime de xustificacións, determinando o prazo máximo de xustificación dos fondos por parte dos habilitados, que non poderá ser superior aos 3 meses a contar desde o momento da percepción dos correspondentes fondos (art. 190.2 TRLFL, art. 9.2.j), 70.1 e 72 RD 500/1990).
14. Que as bases de execución establecen, en referencia aos anticipos de caixa fixa (ACF), como mínimo: As aplicacións orzamentarias con que os gastos poderanse atender mediante ACF, os límites cuantitativos, o réxime de reposicións, a situación e disposición os fondos, e a forma de contabilización e de control (art. 75.2 RD 500/1990).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 7 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

15. Que consta o estado de previsión de movementos e situación da débeda co detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia no mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio (art. 166.1.d) TRLFL).

Neste sentido, o Concello de Vigo non mantén débeda pendente de reembolso coas entidades financeiras, nin prevé a concertación de novas operacións de endebedamento ao longo do exercicio 2026.

16. Que consta/n o/os informe/s de estabilidade orzamentaria nos termos previstos na lexislación vixente (sector administracións públicas e sector sociedades non financeiras) (art. 165.1 TRLFL, art. 21 RD 500/1990, art. 11 LO 2/2012, art. 16.2 RD 1463/2007).
17. Que consta a liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente, de acordo cos termos previstos na ICAL (art. 168.1.b) TRLFL, art. 18.b) RD 500/1990, Reg. 56 e 57 ICAL).
18. Que consta o anexo de persoal onde se relacionan e valoran os postos de traballo existentes no persoal da entidade local, e que se dá a oportuna correlación cos créditos para o persoal incluídos no orzamento (art. 168.1.c) TRLFL, art. 18.1.c) RD 500/1990, art. 26 214/1990).

Conforme ao indicado no informe técnico elaborado pola área de RRHH e Formación (incorporado como trámite 102 do expediente e certamente confuso na súa redacción), entendemos que no cadro de persoal orzamentario créanse novas prazas e amortízanse prazas vacantes, a petición dos diferentes servizos municipais. Compre indicar que a creación de novas prazas supón a necesidade de proceder a súa dotación orzamentaria, se ben a súa provisión atópase limitada pola taxa de reposición de efectivos establecida na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano.

Habida conta do escaso tempo do que dispón esta intervención para a emisión do presente informe de control financeiro, non podemos concretar o número de prazas que se crean e o número de prazas que se amortizan, así como o seu impacto orzamentario, toda vez que se empregan de forma reiterada e alternativa termos como creación de prazas, racionalización de prazas, amortización de prazas, revisión de prazas, reasignación de postos (cando o que procede son prazas e non postos), cambio de denominación de postos (non procede na plantilla senón na RPT), ... chegando incluso a realizar adscricións provisionais, é dicir, provisión de postos a través dun documento meramente orzamentario. Resultaría recomendable, por este motivo, incluír un cadro-resumo onde se indiquen as prazas de nova creación e o seu custo orzamentario, así como as prazas que se amortizan e o aforro orzamentario que supón, a fin determinar o saldo orzamentario neto (creacións menos amortizacións).

Por outra parte, tendo en conta que a RPT é o instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, e precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto, así como as súas características retributivas, sendo competencia da Xunta de Goberno Local a súa aprobación ou modificación, deben crearse ou



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 8 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

suprimirse na RPT os postos de traballo que se consideren necesarios, de modo que se dé a oportuna correlación entre RPT e cadro de persoal orzamentario, dando cumprimento deste xeito ao disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia¹. En definitiva, calquera posto de nova creación debe de estar incluído na RPT antes de publicarse a convocatoria formalmente para a súa provisión.

A este respecto, en relación coa RPT, a sala do Contencioso do TS, na Sentenza de 20 de outubro de 2008 (recurso de casación nº 6078/2004), dixo "*que este instrumento, al tener carácter excluyente de otros para configurar dicho contenido, vincula a las Plantillas Orgánicas, que tienen un marcado carácter presupuestario. En definitiva, la aprobación de la Plantilla Orgánica no es sino la aprobación de una partida de los presupuestos, que podrá prever un número de funcionarios menor que el establecido en la Relación de Puestos de Trabajo (al existir por ejemplo vacantes que por motivos presupuestarios se decida no cubrir) pero que no puede contradecir en el contenido, naturaleza y número máximo de plazas, a las previsiones previstas en la Relación de Puestos de Trabajo*".

Finalmente, reitérase unha vez máis a necesidade de adaptar a xestión económico-financeira do Concello de Vigo ao réxime de organización dos municipios de grande poboación previsto no título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional. Así, deberá crearse a praza do órgano ou órganos de xestión económico-financeira e orzamentaria, tendo en conta que o titular ou titulares do devandito órgano ou órganos que desenvolvan as funcións de contabilidade, tesourería e recadación deberá ser un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

En consecuencia debe de crearse no cadro de persoal orzamentario una praza reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de Carácter nacional pertencente a subescala de Intervención-Tesourería, categoría superior, para desenvolver, como mínimo, as funcións de contabilidade (artigo 3.2 Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal), podendo desenvolver o posto de nova creación igualmente as funcións de orzamentación dada a estreita relación entre estas dúas funcións.

19. Que o importe consignado no capítulo 1 dos orzamentos recolle as retribucións dos empregados públicos para o exercicio 2026 conforme ás instrucións dadas polo responsable de formación dos orzamentos.

A estes efectos, en outubro de 2022, a Mesa Xeral de Negociación da Función Pública a través do "Acuerdo Marco para una Administración del siglo XXI", publicado pola resolución do 14 de novembro de 2022, da Secretaría do Estado de Función Pública, aprobou a proposta do Ministerio de Facenda e Función Pública, co apoio dos sindicatos CCOO e UXT, sendo un dos seus puntos máis destacados o incremento de retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas no período de tempo comprendido entre 2022 e 2024.

Tanto en 2022 como en 2023, o aumento dos soldos dos empregados públicos fixouse nos orzamentos (LOXE) de cada ano, un 3,5% en 2022 e un 2,5% en 2023, aínda que ese ano

¹ Dispón o citado precepto que: "Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente."



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 9 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

terminouse sumando un punto máis pola evolución macroeconómica. Ao non haber contas públicas novas en 2024, o Goberno incluíu no real decreto-lei de xuño de medidas contra a crise unha subida do 2% con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro, e aprobou en 2025 un 0,5% adicional porque a inflación dos tres últimos anos supera o 8% fixado no acordo marco.

No exercicio 2025 as retribucións dos empregados públicos atópanse conxeladas na data de elaboración do presente informe.

Como consecuencia da finalización en 2024 do período de aplicación do citado Acordo Marco, é de presupoñer que os traballadores do sector público tratarán de negociar co Goberno un novo paquete de medidas, entre as que se atopan as subidas salariais para os próximos exercicios, polo que o escenario está sen definir a partir de 2025 sen que aínda se manexen cifras concretas. Con todo, a opción mais probable semella negociar un novo acordo marco a varios anos introducindo unha parte variable en función do IPC e do PIB, replicando en certo modo o acordo vixente, se ben o Goberno terá que volver a ter en conta o límite de crecemento de gasto público que fixe Bruxelas a través das novas regras fiscais, vixentes outra vez desde 2024.

Neste contexto, o Ministerio non proporcionou ningún tipo de pauta destinada a facilitar a elaboración dos orzamentos, polo que descoñécese nestes momentos se os PXE 2026 contemplarán algún incremento retributivo, xa que conforme ao disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público é necesario que devanditos incrementos recóllanse na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026 ou norma con rango de Lei, pois o incremento non sería efectivo ata que se establecese a través da mesma.

Convén ter en conta, ademais, a posibilidade de que os orzamentos xerais do Estado non se aproben antes do 31 de decembro de 2025 -dada a situación actual de incerteza política-, o que daría lugar á prórroga automática dos orzamentos xerais actuais. Nese caso, o 1 de xaneiro de 2026 as retribucións do persoal público quedarían conxeladas, debendo esperar á promulgación dos novos PXE ou doutra norma con rango de lei que acordase os incrementos retributivos, circunstancia esta última que é a que resulta mais posible.

Ao non dispoñer dun proxecto da LPXE para 2026, o que sería conveniente é consignar crédito suficiente que permita facer fronte aos posibles incrementos retributivos. No caso de que, finalmente, o Goberno non acordase ningún aumento salarial para os empregados do sector público, de dotar crédito no orzamento municipal, debería declararse a non dispoñibilidade dos mesmos.

Examinada a documentación incorporada no expediente, no informe técnico elaborado pola área de RRHH e Formación indícase o seguinte: *“En canto ao incremento en retribucións do persoal sobre a de 2025 (nómina xullo 2025), debe incluír o 0,5% correspondente ao ano 2024, o 2% previsto para o ano 2025 e o 1,8% correspondente ao ano 2026, o que supón un incremento total a aplicar do 4,35%”. É dicir considérase un incremento retributivo do 2% para o ano 2025 (pendente de aprobación a día de hoxe), e un incremento do 1,8% para o ano 2026.*

Pola súa beira, segundo o informe económico de gastos asinado polo responsable de formación do orzamento: *“A dotación prevista para o capítulo 1 no orzamento do ano 2026, experimenta unha variación respecto da do ano 2025 do 2,77% en termos consolidados, sendo a*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 10 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

causa, unha previsión na actualización retributiva do 1,8%, así como a actualización da base máxima de cotización que pasou a 4.909,50 euros/mes, o que supón un incremento del 4%, ademais da cotización adicional pola variación anual do Mecanismo de Equidade Interxeneracional e a cotización adicional de solidariedade.”.

E no documento asinado polo mesmo funcionario incorporado como trámite 5 “Información sobre o custe de persoal”, asinado o 8 de xullo de 2025, indica:

“En relación ao ano 2025, a esta data non está aprobada a actualización, o Orzamento aprobado polo Concello de Vigo o 23/12/2024, tiña prevista unha actualización do 2%. A variación do IPC2024 foi do 2,8%, polo que vaise a considerar manter unha actualización do 2% para o ano 2025 sobre a base das retribucións xa incrementadas do ano 2024 (2% + 0,5%). Esta actualización, de aprobarse a norma, tería efectos desde o 1 de xaneiro de 2025.

Para o ano 2026, non hai previsión, polo que fundamentamos o criterio nas previsións inflacionarias. As previsións de inflación do Banco de España son do 1,7% e as de Funcas, do 1,9%, polo que, debemos cosiderar unha media, estimando unha variación nos custes de persoal en termos del actualización das retribucións do 1,8%.

En aplicación do devandito acordo, ao efecto de avaliar as previsións orzamentarias, o cálculo dos conceptos retributivos do capítulo 1 se revisarán sobre a base do ano 2025, que está actualizada con 2,5% sobre a base do 2023 (2% +0,5% da Orde PJC/681/2025), aplicarase o 2% do ano 2025, se esa é a actualización que se aproba para o ano 2025, e sobre esa base de cálculo aplicarase o 1,8% para o ano 2026.

*En resume, aplicada xa a Orde PJC/681/2025, a base de cálculo para o ano 2026, será a seguinte: Base 2025*1,02₂₀₂₅, pendente de aprobar, sobre a mesma, aplicarase o 1,8%₂₀₂₆, é dicir, si tomamos a base 2025 unha vez aplicada a Orde PJC/681/2025, sería multiplicar por 1,03836, dos cales, como se fai referencia nesta instrución, o 2% do ano 2025 e sobre esta base, o 1,8% para o ano 2026.*

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026, contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a Lei, en máis ou en menos. Se a variación fose maior, esta se aplicará con cargo ás dotacións das prazas vacantes e o gasto efectivo imputaríase á bolsa de vinculación xurídica dos créditos, que como é coñecido, as Bases de Execución do Orzamento establecen a Área e o Capítulo para os gastos de persoal, coas excepcións que se regulan nas devanditas Bases para as aplicacións de produtividade, gratificacións, contratos temporais e custe da seguridade social de este tipo de contratos.

Esta actualización só será aplicable aos seguintes conceptos: 100, 110, 120, 121, 130, 143 e aos axustes que procedan nas bases de cotización da SS.”.

Podemos concluír, polo tanto, que na actualidade non existe ningún tipo de pauta ou orientación destinada a facilitar a elaboración dos estados de gastos do capítulo I dos orzamentos do exercicio 2026. Con todo, optouse por incrementar as retribucións un 1,8% con respecto ás do exercicio 2025, incrementadas á súa vez un 2% con respecto ás do exercicio 2024, cálculos que soamente poden cualificarse como de meras previsións ou estimacións.



Copia do documento - Concello de Vigo

97-142

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 11 de 21

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

A estes efectos considera o funcionario que subscribe que tales previsións son excesivamente prudentes, máxime tendo en conta que na actualidade o documento de previsións macroeconómicas do FMI contempla que a taxa de inflación de España alcanzará este ano o 2,4%.

20. Que o importe consignado no capítulo 1 dos orzamentos non recolle un incremento nos gastos de acción social con respecto aos do exercicio precedente.
21. Verificación do cumprimento dos límites porcentuais máximos establecidos no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, para o complemento específico, o complemento de produtividade e as gratificacións.

Concello de Vigo	
+ Gastos de persoal (capítulo 1)	81,425,134.17
- Retribucións órganos de goberno (9120.1000000)	-980,284.65
- Retribucións persoal eventual (9120.1100000)	-732,301.50
- Retribucións persoal laboral fixo (concepto 130)	-10,097,311.92
- Retribucións persoal laboral temporal (concepto 131)	-1,210,000.00
- Seguridade Social (subconcepto 16000)	-18149263.36
- Outros gastos sociais a cargo do empregador (artigo 16)	-956,565.52
Masa retributiva global funcionarios	49,299,407.22
- Retribucións básicas persoal funcionario (concepto 120)	-16,657,831.86
- Complemento de destino persoal funcionario (subconcepto 12100)	-9,220,823.22
Base de cálculo para límites RD 861/1986	23,420,752.14
Importe máximo complemento específico (75%)	17,565,564.11
Importe máximo produtividade (30%)	7,026,225.64
Importe máximo gratificacións (10%)	2,342,075.21
Importe complemento específico persoal funcionario orzamento (12101)	21,445,455.46
Importe produtividade orzamento (15000)	420,000.00
Importe gratificacións orzamento (15100)	390,000.00
Importe total CE, produtividade e gratificacións	22,255,455.46

Polo que, examinado o capítulo 1 do proxecto de orzamento, o importe correspondente ao complemento específico dos funcionarios supera a porcentaxe máxima do 75% da masa retributiva establecida no artigo 7 do Real Decreto 861/1986. Pola súa parte, tanto os importes consignados inicialmente no orzamento como as contías máximas previstas na Disposición Adicional 7ª das Bases de Execución dos Orzamentos -2,5 millóns de euros para o complemento de produtividade e 1,65 millóns para gratificacións- atoparíanse dentro dos límites porcentuais sinalados.



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 23/10/2025 10:55 Páxina 12 de 21
CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

22. Que consta certificación da sesión da mesa xeral de negociación na que se abordou o capítulo I de gastos do proxecto de orzamentos (art. 37 EBEP²).
23. Que consta o anexo dos investimentos para realizar no exercicio e debidamente codificado, que recolle a totalidade dos proxectos de investimento que se prevén realizar durante o exercicio e que especifica, para cada un dos proxectos, o código de identificación, a denominación do proxecto, o importe da anualidade, o tipo de financiamento, determinando se se financia con recursos xerais ou ingresos afectados así como a vinculación dos créditos asignados. En canto ao órgano encargado da súa xestión, debemos entender que corresponde ao servizo xestor conforme á clasificación funcional do gasto (art. 168.1.d) TRLFL, art. 18.1.d) e 19 RD 500/1990). Entendemos que tal documento, ao non constar expresamente no expediente con tal denominación, atópase cando menos parcialmente integrado na memoria.
24. Que consta o anexo de beneficios fiscais en tributos locais que contén información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local (art. 168.1.e) TRLFL).
25. Que consta anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigacións de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigacións pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobranza, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (art. 168.1.f) TRLFL).
26. Que consta o informe económico-financieiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación dos orzamentos (art. 168.1.g) e 174 TRLFL, art. 18.1.e) e 79 e ss. RD 500/1990).
- Debe subliñarse que a estimación dos ingresos correntes presupostados nos capítulos 1 a 3 realizouse sobre a base de criterios de prudencia, de maneira que os importes consignados no orzamento se aproximan aos importes que se espera recadar efectivamente, o que implica unha aproximación ao criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado -criterio de caixa-, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración pública se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recadación sexa incerta (Regulamento (CE) 2516/2000).
27. Que as bases utilizadas no informe económico-financieiro para xustificar os créditos previstos no orzamento son coherentes coa información dispoñible nos sistemas de información contable (art. 168.1.g) e 174 TRLFL, art. 18.1.e) e 79 e ss. RD 500/1990).

2 Artículo 37 TREBEP . Materias obxecto de negociación: “1. Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes: a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas. (...).”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2025 10:55	Páxina 13 de 21
97-142	CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

28. Ao tratarse do orzamento da entidade local con entes dependentes, que consta o estado de consolidación do orzamento da mesma entidade co de todos os orzamentos e estados de previsión dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís, adecuándose ao previsto nas normas que lle son de aplicación (art. 166.1.c) TRLFL, art. 12.b), 115, 116, 117 e 118 RD 500/1990).

Este documento supón que "los presupuestos de los distintos entes con personalidad jurídica que realicen actividades municipales se unifican, eliminándose las posibles duplicidades, en cuanto a gastos e ingresos recíprocos, que puedan darse entre sí. Esto permite aportar la visión real de toda la actividad económico-financiera del ente, independientemente de las formas de gestión de los servicios que hayan sido elegidas" [Alarcón García, 1996, p.100].

29. Ao tratarse o Concello de Vigo dunha entidade incluída no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLFL, que no orzamento dotouse un fondo de continxencia (art. 31 LO 2/2012, Orde EHA/3565/2008).

O Concello de Vigo, a través da base 5ª bis de execución dos orzamentos para 2026, regula de forma específica a dotación ao Fondo de Continxencia na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros, nos seguintes termos:

"1.- (...) o Fondo de Continxencia, dótase na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros. 2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado (...). 3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado. 4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais. O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLFL, e acreditarase tanto o carácter non discrecional do gasto como a imposibilidade da súa previsión no Orzamento inicial."

En canto á finalidade e condicións de aplicación, a regulación contida na base 5ª bis estímase congruente coas esixencias establecidas no antedito precepto da LO 2/2012, se ben a contía do Fondo semella bastante limitada tendo en conta o importe total dos orzamentos consolidados.

30. Ao tratarse dunha entidade con organismos autónomos, consorcios dependentes e/o sociedades mercantís cuxo capital pertence íntegra ou maioritariamente á entidade local, que constan as propostas de acordo de aprobación de cada un dos entes integrantes aprobadas polo órgano competente destes acompañada da documentación establecida (art. 168.2 e 3 TRLFL, art. 122.4 Lei 40/2015, art. 18.2 e 3 RD 500/1990, DT3ª Lei 57/2003).
31. Ao tratarse do orzamento xeral da entidade local con organismos autónomos e/o sociedades mercantís cuxo capital social pertence íntegramente á entidade local, que este está integrado polo orzamento da propia entidade local, os dos organismos autónomos dependentes desta e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 14 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertence integramente á entidade local (art. 164 TRLFL, art. 5 RD 500/1990).

Tendo en conta que non existen sociedades mercantís cuxo capital social pertence na súa integridade á entidade local, no proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2026 que se presenta nesta Intervención para o seu preceptivo informe, intégranse unicamente os orzamentos da propia entidade e do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Análise do equilibrio e nivelación orzamentaria

A análise do equilibrio orzamentario pode realizarse dende diferentes ámbitos ou perspectivas, uns esixidos pola normativa vixente e outros necesarios para a realización da análise económica.

En consecuencia, podemos distinguir os seguintes:

a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado de forma xenérica como a procura de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLFL e 16 do RD 500/1990 ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, cada un dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que ningún deles presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLFL e 16 do RD 500/1990, tal e como podemos comprobar no seguinte cadro-resumo:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
Estado de gastos	345,367,194.34	11,789,290.61	350,883,484.95
Estado de ingresos	345,367,194.34	11,789,290.61	350,883,484.95
Superávit (+) ou Déficit (-)	0.00	0.00	0.00

b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital non financeiras (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 23/10/2025 10:55 Páxina 15 de 21
CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2026 presenta o seguinte desglose:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS INGRESO OPERACIÓNS CORRENTES	322,722,585.04	9,897,475.84	326,347,060.88
CRÉDITOS GASTO POR OPERACIÓNS CORRENTES	300,965,147.73	9,482,475.84	304,174,623.57
SALDO POR OPERACIÓNS CORRENTES	21,757,437.31	415,000.00	22,172,437.31

Do que se deduce que os ingresos correntes son suficientes para financiar os gastos desta natureza.

c) Déficit ou superávit por operacións non financeiras: Saldo orzamentario non financeiro ou capacidade de financiamento (sen axustes SEC-10).

Seguindo a clasificación prevista no apartado anterior, o saldo orzamentario por operacións non financeiras obtense por diferenza entre os importes dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERAC. NON FINANCEIRAS	344,867,194.34	11,757,290.61	350,351,484.95
CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	344,867,194.34	11,757,290.61	350,351,484.95
SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	0.00	0.00	0.00

En consecuencia o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo presenta un equilibrio polas operacións non financeiras. Este equilibrio prodúcese, entre outros motivos, como consecuencia da non inclusión no estado de ingresos dos orzamentos de importe algún na aplicación orzamentaria 87010 "Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado". É dicir, para o financiamento de gastos non financeiros (capítulos 1 a 7 de gastos), non se emprega ningún activo financeiro (capítulo 8 de ingresos) nin se recorre ao endebedamento (capítulo 9 de ingresos).

d) Análise dos fluxos orzamentarios: Aforro bruto e aforro neto.

A doutrina acuñou os termos aforro bruto e aforro neto para referirse aos fluxos que foron tradicionalmente empregados na análise orzamentaria, confirmando a tradicional esixencia da procura do equilibrio entre os recursos ordinarios ou correntes (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) e as obrigas derivadas de operacións ordinarias, correntes e financeiras (capítulos 1 a 5 e 9 do estado de gastos).

O cálculo de fluxos orzamentarios permite comprobar a existencia de equilibrio nas operacións de carácter ordinario e, por conseguinte, detectar as posibles tensións financeiras da entidade local.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 16 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

O aforro bruto calcúlase como a diferenza entre os ingresos e os gastos de natureza corrente, que se caracterizan polo seu carácter recorrente ou habitual. Loxicamente, a correcta interpretación desta magnitude esixe a depuración daqueles ingresos clasificados como correntes que non teñen carácter normal ou ordinario, e de aqueles que, pola súa natureza afectada, deban destinarse necesariamente a financiar gastos de inversión tales como as contribucións especiais, as cotas de urbanización ou os aproveitamentos urbanísticos.

O aforro bruto representa, polo tanto, o exceso de financiamento derivado das operacións correntes. Unha parte deste superávit debe ir destinado á devolución da débeda que vence no exercicio, recibindo a diferenza resultante a denominación de aforro neto. Se o aforro neto é positivo, destinarase a financiar os gastos orixinados polas operacións de inversión, xunto cos recursos procedentes de tales operacións. Se, polo contrario, o aforro neto é negativo, a entidade terá que recorrer á débeda ou ao alleamento de inversións para poder atender ao pago da carga financeira ou incluso ás obrigas correntes.

Aínda que se trate de magnitudes semellantes, non debemos confundir o aforro neto orzamentario a que nos estamos a referir co aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLFL, necesario para determinar a necesidade ou non de obter autorización previa do órgano de tutela financeira para a concertación de operacións de crédito a longo prazo.

Deste xeito, a análise dos fluxos orzamentarios permite verificar, en definitiva, que os recursos procedentes do endebedamento e os demais ingresos extraordinarios ou non correntes, unicamente se empregan para os fins previstos na lexislación vixente, evitando os riscos dunha posible descapitalización da entidade.

Análise de fluxos orzamentarios:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
+ Ingresos correntes (capítulos 1 a 5)	322,722,585.04	9,897,475.84	326,347,060.88
- Ingresos correntes extraordinarios ou afectados a operacións de capital	-7,484,613.64	0.00	-7,484,613.64
Contribucións especiais incendios (subconcepto 35100)	-1,500,000.00		-1,500,000.00
Estimación liquidación definitiva 2024 (subconcepto 42011)	-3,510,000.00		-3,510,000.00
Bonificación MITMA transporte urbano (subconcepto 42091)	-2,474,613.64		-2,474,613.64
- Gastos correntes (capítulos 1 a 5)	-300,965,147.73	-9,482,475.84	-304,174,623.57
Aforro bruto orzamentario	14,272,823.67	415,000.00	14,687,823.67
- Gastos amortización débeda (cap. 9)	0.00	0.00	0.00
Aforro neto orzamentario	14,272,823.67	415,000.00	14,687,823.67

Do que resulta que, dende un punto de vista dos fluxos orzamentarios, os proxectos de orzamentos do Concello de Vigo e a XMU, tanto analizados individualmente como en termos consolidados, se presentan equilibrados e con nivelación orzamentaria, de modo que os ingresos correntes ordinarios



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 17 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

resultan suficientes para financiar a totalidade dos gastos correntes e as amortizacións dos pasivos financeiros do exercicio, resultando un aforro neto orzamentario que permite o financiamento de novos gastos de capital por importe de **14.687.823,67** euros en termos consolidados.

En consecuencia, o aforro bruto orzamentario financia a formación de capital e a necesidade de financiamento.

En definitiva, realizados os análises anteriores podemos concluír que o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio 2026 atópase equilibrado e con nivelación orzamentaria.

Tramitación e competencia

De conformidade co disposto no TRLFL, LRBRL e Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo comprende as seguintes fases sucesivas:

- Aprobación do proxecto. Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno local (art. 127.1 b) LRBRL).
- Presentación de emendas. Remisión do proxecto aprobado pola XGL á Comisión de Facenda cara á determinación do calendario de tramitación e apertura do prazo para a presentación de emendas polos Grupos Políticos con representación municipal.
- Elevación ao Pleno. Ditame da Comisión de Facenda para a posterior elevación ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución.
- Aprobación inicial. Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será único, deberá detallar os orzamentos que compoñen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser aprobado por separado.
- Publicidade. Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.
- Aprobación definitiva. O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

Se ao iniciarse o exercicio económico non houbese entrado en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento.



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 23/10/2025 10:55 Páxina 18 de 21
CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

- Publicación e entrada en vigor. Publicación do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

No que respecta á entrada en vigor, temos que distinguir dous supostos:

- ✓ Se o edicto anunciando a aprobación definitiva publícase no BOP antes de comezar o exercicio económico no que o orzamento deba rexer, a entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro seguinte.
- ✓ Se a publicación efectúase xa iniciado o exercicio, o orzamento entrará en vigor o día da publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orzamento definitivo aprobábase con efectos do 1 de xaneiro e os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

Conclusiones e recomendacións

Primeira.- Faise constar que o orzamento xeral definitivamente aprobado publicarase no boletín oficial da corporación se o tivese, no da provincia ou no seu caso da Comunidade Autónoma uniprovincial, resumido por capítulos, de cada un dos orzamentos que a integran (art. 169.4 TRLFL, art. 20.3 RD 500/1990).

Segunda.- Faise constar que de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 173 da LRFL, a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios destinados ao financiamento de inversións financiadas total ou parcialmente mediante a achega de fondos finalistas procedentes doutras Administracións Públicas ou de terceiros, e que foron tidas en conta nas previsións iniciais do orzamento a efectos da súa nivelación, quedará condicionada, en todo caso, a existencia de documentos fidedignos que acrediten os compromisos firmes de achega, e ata o importe previsto nos estados de ingresos en orde á afectación dos devanditos recursos na forma prevista pola lei ou, no seu caso, ás finalidades específicas das achegas para realizar.

Terceira.- Faise constar que as consideracións que son obxecto de avaliación no presente documento corresponden ao proxecto de orzamento xeral sometido a informe. No caso de que o proxecto analizado sufra algunha modificación durante a súa tramitación, como consecuencia da aprobación dalgunha ou todas as emendas presentadas ao seu contido, o proxecto modificado poderá requirir a emisión dun novo informe complementario ao presente.

Cuarta.- Faise constar que o expediente para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2026 tramítase fora dos prazos establecidos no TRLFL e no RD 500/1990, xa que o expediente completo debería terse recibido na Intervención non máis tarde do 30 de setembro, e remitido ao pleno da Corporación con data anterior ao 15 de outubro do exercicio anterior ao da súa aprobación (art.168.4 TRLFL, art. 18.4 RD 500/1990).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 19 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

Pola súa beira, a proposta de orzamento da XMU tampouco se remitiu ao Concello antes do 15 de setembro do exercicio anterior ao da súa aprobación, xa que foi aprobada no consello da XMU celebrado o 21 de outubro de 2025.

Quinta.- Faise constar que no suposto de que algunha das Bases de Execución contraveña algunha disposición normativa de aplicación devirá automaticamente inaplicable. Neste sentido, esta intervención recomenda a súa revisión de modo que se limite a regular o contido que lle é propio, xa que non é o instrumento válido para regular outras materias por tratarse de normas encamiñadas a delimitar o perímetro do propio orzamento.

Sexta.- Faise constar que sendo a RPT, e non o cadro de persoal orzamentario, o instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, e precisanse os requisitos para o desempeño de cada posto, así como as súas características retributivas, debe modificarse a RPT para crear ou suprimir os postos de traballo correspondentes ás prazas suprimidas ou de nova creación, de modo que se dé a oportuna correlación entre RPT e cadro de persoal orzamentario, dando cumprimento deste xeito ao disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia. En definitiva, calquera posto de nova creación debe de estar incluído na RPT antes de publicarse a convocatoria formalmente para a súa provisión.

Por outra parte, reitera esta intervención a necesidade de adaptar a xestión económico-financeira do Concello de Vigo ao réxime de organización dos municipios de grande poboación previsto no título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante a creación do órgano ou órganos de xestión económico-financeira e orzamentaria, tendo en conta que o titular ou titulares do devandito órgano ou órganos que desenvolvan as funcións de contabilidade, tesourería e recadación deberá ser un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

En consecuencia debe de crearse no cadro de persoal orzamentario una praza reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de Carácter nacional pertencente a subescala de Intervención-Tesourería, categoría superior, para desenvolver, como mínimo, as funcións de contabilidade (artigo 3.2 Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal), podendo desenvolver este posto igualmente as funcións de orzamentación dada a estreita relación entre estas dúas funcións.

Sétima.- Dado que na actualidade o Ministerio non facilitou ningún tipo de pauta ou orientación destinada á elaboración dos orzamentos do exercicio 2026, resultaría conveniente consignar crédito suficiente que permita facer fronte aos posibles incrementos retributivos que se poidan acordar. Neste sentido, aqueles importes que dependan do cumprimento dalgunha condición deberían de consignarse no Fondo de Continxencia, capítulo V do orzamento de gastos, para financiar futuras modificacións de crédito no capítulo 1 de gastos de persoal.

Con todo, en atención aos diferentes informes obrantes no expediente, o responsable da formación dos orzamentos optou porque os créditos das propias aplicacións orzamentarias do estado de gastos do capítulo I recollan un incremento nas retribucións dos empregados públicos do Concello de Vigo dun 1,8% con respecto ás correspondentes ao exercicio 2025, incrementadas á súa vez un 2% con respecto ás do exercicio 2024, cálculos que soamente poden cualificarse como de meras previsións ou estimacións.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 20 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención xeral municipal

Tlfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

A estes efectos considera o funcionario que subscribe que tales previsións son excesivamente prudentes, máxime tendo en conta que na actualidade o documento de previsións macroeconómicas do FMI contempla que a taxa de inflación de España alcanzará este ano o 2,4%.

Oitava.- Faise constar que o importe correspondente ao complemento específico dos funcionarios supera a porcentaxe máxima do 75% da masa retributiva establecida no artigo 7 do Real Decreto 861/1986.

En calquera caso, esta intervención considera que a aplicación práctica deste artigo, tanto pola súa literalidade como pola evolución normativa desde a súa aprobación, suscita determinadas cuestións de interpretación, xa que desde a súa aprobación no ano 1986 ata a actualidade, a estrutura retributiva da función pública experimentou profundos cambios que fan cada vez máis difícil o seu cumprimento, tendo en conta, entre outros factores, a xeneralización na utilización do complemento específico.

Novena.- A parte dispositiva da proposta debe prever expresamente a dación de conta do informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (sector administracións públicas e sector sociedades non financeiras (art. 16.2 RD 1463/2007).

En consideración ao exposto ao longo do corpo do presente informe, e as súas conclusións e recomendacións, esta intervención emite o presente informe ao expediente de aprobación do proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2026.

O interventor xeral municipal
Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:55

Páxina 21 de 21

97-142

CSV: AAABDB-2332B6-832DE1-P31LDJ-DYHCS5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>